

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

O Meu corpo, o meu primer instrumento

31 de xaneiro, 1 e 2 de febreiro 2020

Nome:.....

Instrumento:.....

Idade:..... Curso:.....

Teléfono de contacto:

.....

Enderezo electrónico:

.....@.....

Entregar na secretaría do centro  
xunto co xustificante de pagamento

ou no enderezo electrónico:

[cmus.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.gal)

DATA LÍMITE: 24 de xaneiro

## ORGANIZACIÓN

Organiza o Departamento de corda  
fricciónada do

Conservatorio Profesional de  
Música de Santiago de Compostela


## REQUISITOS

O único requisito para participar  
neste obradoiro é tocar un  
instrumento de corda frotada no  
Cmus de Santiago de Compostela e  
facer a inscrición.

Poden participar instrumentistas de  
todos os niveis académicos.

En caso de quedar prazas libres poderase anotar  
alumnado doutros instrumentos. Consultar  
dispoñibilidade desde o día 25 de xaneiro.

## O MEU CORPO, O MEU PRIMEIRO INSTRUMENTO



Taller de ergonomía e prevención de  
lesións nos instrumentistas de corda

Prof. Dr. Tomás Martín López

31 de xaneiro, 1 e 2 de febreiro 2020

O Dr. Tomás Martín está especializado na prevención e tratamento das lesións musculoesqueléticas relacionadas coa práctica instrumental desde hai máis de 25 anos.

Foi profesor da área de música no Curso de Experto Universitario en Medicina aplicada ás Artes Escénicas: Danza, Baile Flamenco e Música na Universidade Internacional de Andalucía (Málaga), profesor nos cursos de verán da Universidade Internacional de Andalucía (Campus da Rábida), profesor no Máster Interpretación Música no Conservatorio Superior de Castilla e León e asesor-revisor da revista "Journal of Sport and Health Research".

Colabora co servizo de prevención de riscos laborais nos conservatorios do País Vasco, Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia e Orquestra Filarmónica de Bogotá. Investiga no campo das lesións producidas por movementos repetitivos nos tecidos brandos en músicos, exercendo como terapeuta especializado no tratamento deste tipo de patoloxías, axudando ao músico no seu proceso de recuperación e concienciación. Membro da P.A.M.A. (Performing Arts Medicine Association).

Na actualidade é Axuda de Solista de Timbal na Orquestra Sinfónica de Castilla e León, Catedrático de Percusión e Profesor de Ergonomía e Prevención de Lesións Musculoesqueléticas no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León.

Imparte cursos e obradoiros regularmente sobre a prevención e o tratamento de lesións musculoesqueléticas colaborando cos centros de formación do profesorado, conservatorios, universidades e orquestras sinfónicas de España, Colombia, Austria, Bolivia e Perú. No verán de 2009 foi director do curso sobre Prevención de Lesións en músicos organizado pola Fundación Universidades de Castilla e León. Colaborou como Osteópata na EUYO (European Union Youth Orchestra) durante o Summer Tour en 2017.

Músico formado en Madrid e Amsterdam, premio extraordinario fin de carreira no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid de 1993. Posúe os títulos de Profesor Superior de Percusión, Doctor pola Universidade de Valladolid, Diplomado en Osteopatía Articular e Masaxe Terapéutico.

+INFO:<https://www.musicosylesiones.com/>

## “O MEU CORPO, O MEU PRIMEIRO INSTRUMENTO”

Obradoiro de Ergonomía e prevención de lesións nos instrumentistas de corda

Prof. Dr. Tomás Martín López

### HORARIOS e CUSTO do OBRADOIRO:

#### Horario:

#### Venres 31 de xaneiro:

16:00 a 18:00 h. sesións teórico-prácticas alumnado grao profesional.

18:15 a 19:15 h. sesións individuais.

19:30 a 20:30 h. charla para nais, pais e profesores.

#### Sábado 1 de febreiro:

10:00 a 11:30 h. sesións teórico-prácticas alumnado grao elemental.

11:45 a 13:45 e 16:00 a 20:15 h. sesións individuais.

#### Domingo 2 de febreiro:

10:00 a 13:15 h. sesión individual.

Para as sesións individuais citarase a 3 alumnos/as cada hora cunha pequena pausa.

O horario asignado para a sesión individual se comunicará con suficiente antelación.

#### Inscrición:

Custo: a matrícula é de 35 €.

Para facer a inscrición: cubrir o boletín de inscrición; facer o pagamento no nº. de conta:

Abanca 2080 0348 30 3040011278, e entregar o xustificante de pago xunto co boletín de inscrición na secretaría do CMUS ou no enderezo electrónico: [cmus.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.gal)